



**XXIII FESTIVAL  
INTERNACIONAL  
de Música de Pulso e Púa**

**"CIDADE DE CRISTAL"**

7, 8, 9, 10 e 11 de outubro de 2015

**ENTRADA LIBRE**

**Organiza: AGRUPACIÓN MUSICAL ALBÉNIZ  
da Coruña**





**XXVI FESTIVAL INTERNACIONAL  
DE MÚSICA DE PULSO E PÚA**

# **"CIDADE DE CRISTAL"**

**Organiza:**

**AGRUPACIÓN MUSICAL ALBÉNIZ  
DA CORUÑA**





Comprácenos apoiar esta nova edición do Festival Internacional de Música Pulso e Púa Cidade Cristal, convertido nun importante referente musical en Galicia. A historia e a traxectoria do festival converteuno en cita obrigada para os amantes da música e para as persoas vinculadas a esta arte que, nas diferentes modalidades, amosa o mellor do mundo no eido do pulso e púa.

Cobra, pois, un significado especial dentro da programación musical galega, tan rica como diversa, xa que vén prolongar as liñas de actuación desenvolvidas desde o departamento de Cultura e Educación da Xunta de Galicia. Dámoslle así continuidade a un labor de formación –como ben reflicten os concertos didácticos– no que atinxe aos elementos identificativos da expresión educativa e cultural da nosa comunidade.

Polo tanto, desde a Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia dámoslles a benvida e os nosos parabéns aos profesionais que van encher coas súas interpretacións a atmosfera dos concellos coruñeses nos que se celebra o festival.

Quede aquí, xa que logo, o noso recoñecemento e gratitude á Agrupación Musical Albéniz e ao seu presidente, Antonio Gundín Fandiño, así como ás persoas que, cun devezo renovado e demostrada sensibilidade, nos fornecen un programa de intervencións maxistrals, con intérpretes chegados desde diversas partes do mundo e, por suposto, ao público que todos os outonos asiste a este grande acontecemento musical, dentro e fóra da provincia da Coruña.

Estou seguro de que o certame traerá unha mensaxe plenamente vixente para todas e todos os que integramos a música como parte importante das nosas vidas.

Nos complace apoiar esta nueva edición del Festival Internacional de Música de Pulso y Púa Ciudad de Cristal, convertido en un importante referente musical en Galicia. La historia y la trayectoria del festival lo han convertido en cita obligada para los amantes de la música y para las personas vinculadas a este arte que, en las diferentes modalidades, muestra lo mejor del mundo en el ámbito del pulso y la púa.

Cobra, pues, un significado especial dentro de la programación musical gallega, tan rica como diversa, ya que prolonga las líneas de actuación desarrolladas desde el departamento de Cultura y Educación de la Xunta de Galicia. Le damos así continuidad a una labor de formación –como bien reflejan los conciertos didácticos– en lo que respecta a los elementos identificativos de la expresión educativa y cultural de nuestra comunidad.

Por lo tanto, desde la Consellería de Cultura e Educación de la Xunta de Galicia, les damos la bienvenida y nuestras felicitaciones a los profesionales que van a llenar con sus interpretaciones la atmósfera de los ayuntamientos coruñeses en los que se celebra el festival.

Quede aquí, por lo tanto, nuestro reconocimiento y gratitud a la Agrupación Musical Albéniz y a su presidente, Antonio Gundín Fandiño, así como a las personas que, con un impulso renovado y demostrada sensibilidade, nos ofrecen un programa de intervenciones magistrales, con intérpretes llegados desde diversas partes del mundo y, por supuesto, al público que todos los otoños asiste a este gran acontecimiento musical, dentro y fuera de la provincia de A Coruña.

Estoy seguro de que el certamen traerá un mensaje plenamente vigente para todas y todos lo que integramos la música como pates importante de nuestra vidas.

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
XUNTA DE GALICIA





O Festival Internacional de Música de Pulso e Púa “Ciudad de Cristal”, que este ano chega á súa vixésimo sexta edición consolidado como un dos clásicos da axenda cultural do outono coruñés, ofrecerá nesta nova edición un programa variado e de calidade que se desenvolverá entre o 7 e o 11 de outubro en doce concellos da nosa provincia.

A presenza de formacións musicais procedentes de España, Portugal, Italia, Colombia e Finlandia, e os vinte e cinco concertos que protagonizarán en colexios, institutos e conservatorios da provincia outorga ademais a

*El Festival Internacional de Música de Pulso y Púa “Ciudad de Cristal”, que este año llega a su vigésimo sexta edición consolidado como uno de los clásicos de la agenda cultural del otoño coruñés, ofrecerá en esta nueva edición un programa variado y de calidad que se desarrollará entre el 7 y el 11 de octubre en doce ayuntamientos de nuestra provincia.*

*La presencia de formaciones musicales procedentes de España, Portugal, Italia, Colombia y Finlandia, y los veinticinco conciertos que protagonizarán en colegios, institutos y conservatorios de la provincia otorga*

AGRUPACIÓN

ALBENIZ

este ciclo de concertos un carácter didáctico e de intercambio cultural, que enriquecerá a actividade e axudará aos máis xóvenes a entender mellor a universalidade da linguaxe musical.

A Deputación da Coruña hónrase en apoiar iniciativas como esta, que son posibles grazas á experiencia e o bó facer dos responsables da Agrupación Musical Albéniz, que durante máis dun cuarto de século veñen organizando este Festival Internacional que achega a música de guitarras, mandolinas, laudes e bandurrias procedentes de todos os países do mundo a cada rincón da provincia.

Este ano, ademáis da cidade da Coruña, os concellos de Arzúa, Bergondo, Betanzos, Cambre, Cee, Culleredo, Ferrol, Negreira, Noia, Oleiros, Padrón e Sada, serán o escenario dos concertos programados.

Espero que o público asistente os disfrute e que os integrantes das diferentes formacións musicais que nos visitan durante eses días de outubro gocen da súa estancia en terras coruñesas e acaden o maior dos éxitos co seu bó facer musical.

además a este ciclo de conciertos un carácter didáctico y de intercambio cultural, que enriquecerá la actividad y ayudará a los más jóvenes a entender mejor la universalidad del lenguaje musical.

La Diputación de A Coruña se honra en apoyar iniciativas como esta, que son posibles gracias a la experiencia y el buen hacer de los responsables de la Agrupación Musical Albéniz, que durante más de un cuarto de siglo vienen organizando este Festival Internacional que acerca la música de guitarras, mandolinas, laudes y bandurrias procedentes de todos los países del mundo a cada rincón de la provincia.


Este año, además de la ciudad de A Coruña, los ayuntamientos de Arzúa, Bergondo, Betanzos, Cambre, Cee, Culleredo, Ferrol, Negreira, Noia, Oleiros, Padrón y Sada, serán el escenario de los conciertos programados.

Espero que el público asistente los disfrute y que los integrantes de las diferentes formaciones musicales que nos visitan durante esos días de octubre disfruten de su estancia en tierras coruñesas y alcancen el mayor de los éxitos con su buen hacer musical.

**Valentín González Formoso**

Presidente da Deputación da Coruña





Como cada outono, dende hai 26 anos, volve o Festival Internacional de Música de Pulso e Púa Cidade de Cristal aos escenarios da provincia da Coruña.

Novamente, os grupos invitados farannos viaxar de forma sonora polas diversas culturas dos pobos do mundo.

Este ano contamos con grupos de Colombia, Italia, Finlandia, Portugal e España, que lle ofrecerán toda a súa arte e cultura musical á sociedade coruñesa. Os grupos realizarán concertos didácticos para colexios, institutos e conservatorios na cidade e en numerosos concellos da provincia da Coruña, tales como Arzúa, Bergondo, Betanzos, Cambre, Cee, Culleredo, Ferrol, Negreira, Noia, Oleiros, Padrón e Sada.

Nesta XXVI edición do festival, máis alá do programa principal de concertos, realizaremos clases maxistras, para o cal contamos coa prestixiosa mestra e virtuosa Irina Kazimirskaia.

Nestes tempos difíciles, a Agrupación Musical Albéniz desexa achegarlles a todos os seus concidadáns o seu bo traballo, tesón, cariño e esforzo cristalizado neste festival. O obxectivo deste non é outro que promover a cultura musical dos pobos do mundo, dende a óptica da

*Como cada otoño, desde hace 26 años, vuelve el Festival Internacional de Música de Pulso y Púa "Ciudad de Cristal" a los escenarios de la provincia de A Coruña.*

*Nuevamente, los grupos invitados nos harán viajar de forma sonora por las diversas culturas de los pueblos del mundo.*

*Este año contamos con grupos de Colombia, Italia, Finlandia, Portugal y España, que ofrecerán todo su arte y cultura musical a toda la sociedad coruñesa. Los grupos realizarán conciertos didácticos para colegios, institutos y conservatorios en la ciudad y en numerosos municipios de la provincia de A Coruña, tales como Arzúa, Bergondo, Betanzos, Cambre, Cee, Culleredo, Ferrol, Negreira, Noia, Oleiros, Padrón y Sada.*

*En esta XXVI edición del festival, más allá del programa principal de conciertos, realizaremos masster clases, para lo cual contamos con la prestigiosa maestra y virtuosa Irina Kazimirskaia.*

*En estos tiempos difíciles, la Agrupación Musical Albéniz desea aportar a todos sus conciudadanos su buen trabajo, tesón, cariño y esfuerzo cristalizado en este festival. El objetivo del mismo no es otro que promover la cultura*

gran familia dos instrumentos de pulso e púa. Que formen parte das súas vidas e que estea ao alcance de todos e cada un dos veciños e veciñas da nosa provincia e cidade. Por todo isto desexamos e esperamos que os asistentes, novos e habituais, gocen deste singular evento cheo de cultura, música e virtuosismo, e que con tanto cariño e esforzo preparamos durante os últimos doce meses.

Tras case oitenta e sete anos de vida e traballo incansables pola difusión da cultura musical e polos instrumentos de pulso e púa, a Real Academia de Belas Artes, neste 2015, outorgoulles con diploma e insignia o Premio Marcial del Adalid a dous compoñentes da Agrupación Musical Albéniz. Para o próximo 2016 serán galardoados máis membros da agrupación, polo que esperamos que pouco a pouco se recoñeza o noso inmenso labor, calado pero frutífero, en favor da difusión e formación musical, dentro e fóra da nosa terra galega.

Tan só queda agradecerlles a todos e cada un dos que contribuídes a que cada ano este evento sexa unha realidade e chegue cada vez a un número maior de cidadás e cidadáns.

Grazas!

*musical de los pueblos del mundo, desde la óptica de la gran familia de los instrumentos de pulso y púa. Que formen parte de sus vidas y que esté al alcance de todos y cada uno de los vecinos de nuestra provincia y ciudad. Por todo esto, deseamos y esperamos que los asistentes, nuevos y habituales, disfruten de este singular evento lleno de cultura, música y virtuosismo, que con tanto cariño y esfuerzo hemos preparado durante los últimos doce meses.*

*Tras casi ochenta y siete años de vida y trabajo incansables por la difusión de la cultura musical y por los instrumentos de pulso y púa, la Real Academia de Belas Artes, en este 2015, ha otorgado con diploma e insignia el Premio Marcial del Adalid a dos componentes de la Agrupación Musical Albéniz. Para el próximo 2016 se verán galardonados más miembros de la agrupación, por lo que esperamos que poco a poco se reconozca nuestra inmensa labor, callada pero fructífera, en favor de la difusión y formación musical, dentro y fuera de nuestra tierra gallega.*

*Tan sólo queda agradecer a todos y cada uno de los que contribuis a que cada año este evento sea una realidad y llegue cada vez a un número mayor de ciudadanas y ciudadanos.*

*¡Gracias!*

**Antonio Gundín Fandiño**

Presidente da Agrupación Musical Albéniz da Coruña



# XXVI FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA DE PULSO E PÚA "CIDADE DE CRISTAL"

## PROGRAMA XERAL

## PROGRAMA GENERAL

**Mércores día 7 de outubro**

**Miércoles día 7 de octubre**

CONCERTOS DIDÁCTICOS A CARGO DE:

CONCIERTOS DIDÁCTICOS A CARGO DE:

A CORUÑA

**LIGURIAN PLUCKED TRIO DE SAVONA (ITALIA)**

Lugar : Instituto Salvador de Madariaga

**HERMANOS QUINTERO TRIO DE BUCARAMANGA (COLOMBIA)**

Lugar : Colexio Montespiño – A Zapateira

**ENSAMBLE MAMO & JOUNI KOSKIMÄKI DE JYVÄSKYLÄ (FINLANDIA)**

Lugar : Instituto Adormideras

CONCERTOS A CARGO DE:

CONCIERTOS A CARGO DE:

A CORUÑA

**ENSAMBLE MAMO & JOUNI KOSKIMÄKI DE JYVÄSKYLÄ (FINLANDIA)**

Lugar : Salón de Actos do Conservatorio Profesional de Música

Hora 19:00

**LIGURIAN PLUCKED TRIO DE SAVONA (ITALIA)**

Lugar : Palacio de Capitanía

Hora 19:30

• *Concerto co apoio da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Cultura.*

**HERMANOS QUINTERO TRIO DE BUCARAMANGA (COLOMBIA)**

Lugar : Sporting Club-Casino de La Coruña

Hora 20:00



**Xoves día 8 de outubro**

**Jueves día 8 de octubre**

**CONCERTOS DIDÁCTICOS A CARGO DE:**

**CONCIERTOS DIDÁCTICOS A CARGO DE:**

**A CORUÑA**

**LIGURIAN PLUCKED TRIO DE SAVONA (ITALIA)**

Lugar : Colexio Grande Obra de Atocha

**HERMANOS QUINTERO TRIO DE BUCARAMANGA (COLOMBIA)**

Lugar : Colexio Público María Barbeito

**TROVADORES RIOJANOS DE GUITARRA, PÚA Y VOZ DE LOGROÑO (LA RIOJA)**

Lugar : Colexio Sagrado Corazón (Franciscanas) – A Zapateira

**CULLEREDO**

**ENSAMBLE MAMO & JOUNI KOSKIMÄKI DE JYVÄSKYLÄ (FINLANDIA)**

Lugar : Salón de Actos do Conservatorio

**CONCERTOS A CARGO DE:**

**CONCIERTOS A CARGO DE:**

**A CORUÑA**

**HERMANOS QUINTERO TRIO DE BUCARAMANGA (COLOMBIA)**

Lugar : Real Club Náutico A Coruña

Hora 20:00

**LIGURIAN PLUCKED TRIO DE SAVONA (ITALIA)**

Lugar : Club del Mar de San Amaro

Hora 20:30

**TROVADORES RIOJANOS DE GUITARRA, PÚA Y VOZ DE LOGROÑO (LA RIOJA)**

Lugar : Centro Cultural Ágora

Hora 20:30

Juegos Florales 2015 – Orden de Caballeros de María Pita

**NEGREIRA**

**ENSAMBLE MAMO & JOUNI KOSKIMÄKI DE JYVÄSKYLÄ (FINLANDIA)**

Lugar : Casa da Cultura

Hora 20:30



**Venres día 9 de outubro**

**Viernes día 9 de octubre**

**CONCERTOS DIDÁCTICOS A CARGO DE:**

**CONCIERTOS DIDÁCTICOS A CARGO DE:**

**A CORUÑA**

**TROVADORES RIOJANOS DE GUITARRA, PÚA Y VOZ DE LOGROÑO (LA RIOJA)**

Lugar : Colexio Eusebio da Guarda

**ENSAMBLE MAMO & JOUNI KOSKIMÄKI DE JYVÄSKYLÄ (FINLANDIA)**

Lugar : Colexio Salesiano "San Juan Bosco"

**LIGURIAN PLUCKED TRIO DE SAVONA (ITALIA)**

Lugar : Colexio Público Montel Touzet (Cidade Vella)

**CONCERTOS A CARGO DE:**

**CONCIERTOS A CARGO DE:**

**BETANZOS**

**ENSAMBLE MAMO & JOUNI KOSKIMÄKI DE JYVÄSKYLÄ (FINLANDIA)**

Lugar : Aula Municipal da Cultura

Hora 20:30

**CAMBRE**

**LIGURIAN PLUCKED TRIO DE SAVONA (ITALIA)**

Lugar : Igrexa de Santa María de Cambre

Hora 20:30

**CEE**

**HERMANOS QUINTERO TRIO DE BUCARAMANGA (COLOMBIA)**

Lugar : Salón de Actos do Concello

Hora 11:00

**FERROL**

**TROVADORES RIOJANOS DE GUITARRA, PÚA Y VOZ DE LOGROÑO (LA RIOJA)**

Lugar : Local Social A.VV. San Antonio – A Cabana

Hora 20:00

• *Concerto co apoio da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Cultura.*

**NOIA**

**HERMANOS QUINTERO TRIO DE BUCARAMANGA (COLOMBIA)**

Lugar : Igrexa de Santa María A Nova

Hora 20:30

**OLEIROS**

**GRUPO DE FADO 1111 DE GUIMARÃES (PORTUGAL)**

Lugar : Auditorio C.C. A Fábrica en Perillo

Hora 20:30



**Sábado día 10 de outubro**

**Sábado día 10 de octubre**

CONCERTOS A CARGO DE:

CONCIERTOS A CARGO DE:

**A CORUÑA**

**TROVADORES RIOJANOS DE GUITARRA, PÚA Y VOZ DE LOGROÑO (LA RIOJA)**

Lugar : Centro Social Sagrada Familia

Hora 20:00

**TUNA DO DISTRITO UNIVERSITARIO DO PORTO (PORTUGAL)**

Lugar : Sporting Club-Casino de La Coruña

Hora 20:00

Punto de encontro (todos os grupos do Festival):

Punto de encontro (todos los grupos del festival):

**JAM SESSION NIGHT – TRAE TU INSTRUMENTO**

Lugar : Sporting Club-Casino de La Coruña

Hora 23:30

**ARZÚA**

**ENSAMBLE MAMO & JOUNI KOSKIMÄKI DE JYVÄSKYLÄ (FINLANDIA)**

Lugar : Capela da Madalena

Hora 20:00

**BERGONDO**

**LIGURIAN PLUCKED TRIO DE SAVONA (ITALIA)**

Lugar : Mosteiro de Bergondo

Hora 19:00

**PADRÓN**

**GRUPO DE FADO 1111 DE GUIMARÃES (PORTUGAL)**

Lugar : Auditorio Municipal

Hora 20:30

**SADA**

**HERMANOS QUINTERO TRIO DE BUCARAMANGA (COLOMBIA)**

Lugar : Casa da Cultura

Hora 20:00



**Domingo día 11 de outubro**

**Domingo día 11 de octubre**

## **ACTO DE CLAUSURA**

### **A CORUÑA**

Entrega dos Premios Marcial do Adalid á constancia musical na súa versión personalizada.

Concerto a cargo de:

Concierto a cargo de:

**LIGURIAN PLUCKED TRIO DE SAVONA (ITALIA)**

**HERMANOS QUINTERO TRIO DE BUCARAMANGA (COLOMBIA)**

**TROVADORES RIOJANOS DE GUITARRA, PÚA Y VOZ DE LOGROÑO (LA RIOJA)**

**GRUPO DE FADO 1111 DE GUIMARÃES (PORTUGAL)**

**ENSAMBLE MAMO & JOUNI KOSKIMÄKI DE JYVÄSKYLÄ (FINLANDIA)**

**TUNA DO DISTRITO UNIVERSITARIO DO PORTO (PORTUGAL)**

**AGRUPACIÓN MUSICAL ALBÉNIZ DE A CORUÑA (Orquestra de Pulso e Púa e Voces Mixtas)**

Lugar : Teatro Rosalía Castro

Hora 19:00

• *Concerto co apoio do Concello da Coruña, a través da Concellería de Cultura - IMCE*





## LIGURIAN PLUCKED TRIO DE SAVONA (ITALIA)

Paola Esposito (Mandolina)  
Antonio Fiore (Mandola Tenor)  
Marco Pizzorno (Guitarra Clásica)

O Ligurian Plucked Trio nace da intención de tres músicos de Savona, criados en ambientes musicais diversos, de dar a coñecer a música para instrumentos a pizzicato. Diplomados brillantemente en diversos conservatorios italianos e institutos musicais, os compoñentes teñen actuado con diversas formacións de cámara e tamén en representacións teatrais. O repertorio do trío vai da música a partir do setecentos, pasando polo período romántico ata chegar á música contemporánea. Neste programa presentan pezas da tradición popular, célebres páxinas da escola napolitana e transcripcións executadas polo propios músicos para outras ensamblaxes instrumentais, mais que adaptaron á sonoridade a pizzicato da mandolina e da guitarra. Unha longa viaxe de tres séculos de historia de notable e emotivo impacto para ser gozado. Tocan mandolinas realizadas polos artesáns Gabriele Pandini e Raffaele Calace e unha guitarra do artesán Renato Barone.

*El Ligurian Plucked Trio nace de la intención de tres músicos de Savona, criados en ambientes musicales diferentes, de dar a conocer la música para instrumentos a pizzicato. Diplomados brillantemente en diversos conservatorios italianos e institutos musicales, los componentes han actuado con diversas formaciones de cámara y también en representaciones teatrales. El repertorio del trío va de la música a partir del setecientos, pasando por el período romántico hasta llegar a la música contemporánea. En este programa presentan piezas de la tradición popular, célebres páginas de la escuela napolitana y transcripciones ejecutadas por los propios músicos para otros ensambles instrumentales, pero que han adaptado a la sonoridad a pizzicato de la mandolina y de la guitarra. Un viaje largo de tres siglos de historia de notable y emotivo impacto para ser disfrutado. Tocan mandolinas realizadas por los artesanos Gabriele Pandini y Raffaele Calace y una guitarra del artesano Renato Barone.*






## HERMANOS QUINTERO TRIO DE BUCARAMANGA (COLOMBIA)

Carlos Andrés Quintero  
Manuel Eduardo Quintero  
Francisco "Pacho" Rivera

Esta ensamble instrumental conformado por Carlos Andrés Quintero no requinto e Manuel Eduardo Quintero no tiple, de amplo recoñecemento na interpretación de música andina colombiana, xorde inicialmente grazas ao ambiente musical que viviron desde a infancia os irmáns Quintero, os cales, a pesar da súa xuventude, xa percorreron os máis importantes festivais e concursos en Colombia, onde destacaron obtendo os principais premios, como o do Festival Mono Núñez (2009), Festival Nacional de Pasillo (2008), Festival Nacional de Interpretación (2008), así como tamén realizaron concertos en países como Francia, Venezuela e Arxentina. Desde o ano 2009 incorpórase o mestre Francisco Rivera, docente de clarinete na Universidade Pedagóxica Nacional de Bogotá, todo co ánimo de presentar obras alternativas de interpretación na música colombiana. Coa dita proposta, Hermanos Quintero Trío espertou a atención do público nas súas diferentes presentacións tanto nacionais como internacionais, xerando unha nova sonoridade na música andina colombiana coa mestura de instrumentos como o requinto, o clarinete, a guitarra e o tiple.

*Este ensamble instrumental conformado por Carlos Andrés Quintero en el requinto y Manuel Eduardo Quintero en el tiple, de amplio reconocimiento en la interpretación de música andina colombiana, surge inicialmente gracias al ambiente musical que se gestó desde muy temprana edad en el hogar de los hermanos Quintero, quienes, a pesar de su juventud, han logrado recorrer los más importantes festivales y concursos en Colombia, en los cuales se han destacado obteniendo los principales premios, como lo es el Festival Mono Núñez (2009), Festival Nacional de Pasillo (2008), Festival Nacional de Interpretación (2008), así como también han realizado conciertos en países como Francia, Venezuela y Argentina. Desde el año 2009 se incorpora el maestro Francisco Rivera, docente de clarinete en la Universidad Pedagógica Nacional de Bogotá, todo con el ánimo de presentar obras alternativas de interpretación en la música colombiana. Con dicha propuesta, Hermanos Quintero Trío han despertado la atención del público en sus diferentes presentaciones tanto nacionales como internacionales, generando una nueva sonoridad en la música andina colombiana con la mezcla de instrumentos como el requinto, el clarinete, la guitarra y el tiple.*





## TROVADORES RIOJANOS DE GUITARRA, PÚA Y VOZ DE LOGROÑO (LA RIOJA)

Irina Kazimirskaya (Directora-Domra).  
Natalia López (Mandolina)  
David López (Guitarra)  
Celina Ardanaz (Guitarra)  
Olga Saló (Voz Soprano)

No ano 2008, o grupo formouse na Rioxa e o seu repertorio comprende obras clásicas ou do Barroco, así como composicións de corte máis popular ou adaptacións de zarzuela, folclore ruso, copla e música popular contemporánea. Destacan pola sinxeleza da súa adaptación, non exenta de matices, virtuosismo e deste toque persoal que só os grandes mestres saben infundir no seu instrumento.

O grupo fixo o seu primeiro debut en escenarios da Rioxa e, sucesivamente, actuacións polo País Vasco e Navarra.

**Irina Kazimirskaya.** Nace en Ekaterimburgo (Rusia). Graduouse no Conservatorio Superior Estatal dos Urais. Directora deste grupo, gañou en 2001 o Concurso Internacional de Música (TIM). Hoxe por hoxe é a súa escola de mandolina con sede en Logroño unha referencia no ámbito nacional e é moi grande o pulo que lles está a dar aos instrumentos de púa no territorio da Rioxa.

**Natalia López.** Iniciou os seus estudos con 8 anos de idade na escola de música Piccolo e Saxo en Logroño, onde tivo como profesora a Irina Kazimirskaya. En 2005 forma con ela dúo de domra e mandolina. Actualmente é estudante de grao profesional no Conservatorio de Logroño (A Rioxa), onde en 2008 gañou no concurso Fermín Gurmindo o seu primeiro premio en mandolina solista.

**David López.** Iniciou os seus estudos de guitarra aos 6 anos de idade na escola de música Piccolo e Saxo de Logroño co profesor Isidro Martínez. Participou ata hoxe en día nos Intercambios de Música e Danza entre mozos de Rusia e España, organizados pola Asociación Musical Esmeralda.

**Celina Ardanaz.** Dende a súa infancia estudou guitarra da man do mestre Paulino Fernández, un dos profesores de instrumentos de pulso e púa máis recoñecidos dos anos 50. Actuou en diversos lugares da Rioxa como integrante de grupos folclóricos.

**Olga Saló.** Cantante soprano, cun amplo repertorio, cabe destacar que é unha gran xoteira aragonesa moi galardoada, coa consecución sempre dos primeiros postos nos certames nos que participou. Actualmente é integrante da Sociedad Compañía Lírica Pepe Eizaga (1929).

*En el año 2008, este grupo se formó en La Rioja y su repertorio comprende obras clásicas o del Barroco, así como composiciones de corte más popular o adaptaciones de zarzuela, folclore ruso, copla y música popular contemporánea. Destacan por la sencillez de su adaptación, no exenta de matices, virtuosismo y de este toque personal que solo los grandes maestros saben infundir en su instrumento.*

*El grupo hizo su primer debut en los escenarios de pueblos de La Rioja y, sucesivamente, actuaciones por el País Vasco y Navarra.*


**Irina Kazimirskaya.** Nace en Ekaterimburgo (Rusia). Se graduó en el Conservatorio Superior Estatal de los Urales. Directora de este grupo y en 2001 ganadora en el Concurso Internacional de Música (TIM). Hoy por hoy es su escuela de mandolina con sede en Logroño una referencia a nivel nacional y es muy grande el empuje que está dando a los instrumentos de púa en La Rioja.

**Natalia López.** Inició sus estudios con 8 años de edad en la escuela de Música Piccolo y Saxo en Logroño, siendo su profesora Irina Kazimirskaya. En 2005 forma con ella dúo de domra y mandolina. Actualmente es estudiante de grado profesional en el Conservatorio de Logroño (La Rioja), donde en 2008 ganó en el concurso Fermín Gurbindo su primer premio en mandolina solista.

**David López.** Inició sus estudios de guitarra a los 6 años de edad en la escuela de música Piccolo y Saxo de Logroño con el profesor Isidro Martínez. Ha participado hasta hoy en día en los Intercambios de Música y Danza entre jóvenes de Rusia y España, organizados por la Asociación Musical Esmeralda.

**Celina Ardanaz.** Desde su infancia estudió guitarra de la mano de Paulino Fernández, uno de los profesores de rondalla más reconocidos de los años 50 en La Rioja. Actuó en diversos pueblos de La Rioja como integrante de grupos folclóricos.

**Olga Saló.** Cantante soprano, con un amplio repertorio, cabe destacar que es una gran joteira aragonesa muy galardonada, consiguiendo siempre los primeros puestos en los certámenes en los que participó. Actualmente es integrante de la Sociedad Compañía Lírica Pepe Eizaga (1929).





## GRUPO DE FADO 1111 DE GUIMARÃES (PORTUGAL)

Carlos Cidade (Voz)  
Domingos Mateus (Guit. Portuguesa)  
Luís Teixeira De Campos (Guit. Fado y Guit. Digitada)  
Rui Igreja Beirão (Guit. Portuguesa)  
Teresa Daniela Fernandes (Fadista)

Inspirados pola tradición oral segundo a cal no ano 1111 naceu o rei don Afonso Henriques, primeiro rei de Portugal, e Guimarães é o berce da “portugalidade”, orixinouse o proxecto Fado 1111.

Este proxecto, con espazo físico na cidade de Guimarães, promove espectáculos nas dúas posibles vertentes do fado (Coimbra & Lisboa), expoñendo de maneira auténtica e xenuína as súas diverxentes fontes de estilo, mais tamén os seus claros puntos de contacto.

Dando resposta ao turismo cultural que cada vez está procurando máis Portugal, o proxecto Fado 1111 recorre a un elenco propio de músicos especializados en cada xénero (fado Coimbra & Lisboa), para crear un espectáculo que, a través da elegancia e tradición do propio fado, deslumbra pola visión de si mesmos, pola súa consciencia da identidade portuguesa, pola súa simultánea capacidade de ser quen son, mais de estar permanentemente abertos ao mundo, para, nuns acordes simples ou rebuscados, expresar as súas emocións e afectos, comúns ao sentir lusitano.

*Inspirados por la tradición oral, que dice ser 1111 el año del nacimiento de don Alfonso Henriques (primer rey de Portugal) y Guimarães la cuna de nuestra “portugalidad”, se originó el proyecto Fado 1111.*

*Este proyecto, con espacio físico en la ciudad de Guimarães, promueve espectáculos en las dos vertientes posibles del fado (Coimbra & Lisboa), exponiendo de manera auténtica y genuina sus divergentes fuentes de estilo, pero también sus claros puntos de contacto.*

*Dando respuesta al turismo cultural que cada vez más está buscando nuestro país — Portugal—, el proyecto Fado 1111 recurre a un elenco propio de músicos especializados en cada género (fado Coimbra y Lisboa), para crear un espectáculo que, a través de la elegancia y tradición del propio fado, deslumbra por su papel fundamental en la visión de nosotros mismos, en nuestra consciencia de la identidad portuguesa, en nuestra simultánea capacidad de ser quienes somos, pero de estar permanentemente abiertos al mundo, para, en un trinar de acordes simples o rebuscados, expresar nuestras emociones y afectos, comunes al sentir lusitano.*





## ENSAMBLE MAMO & JOUNI KOSKIMÄKI DE JYVÄSKYLÄ (FINLANDIA)

MaMo (Mandolin Mountain) foi fundada no ano 2007 en Jyväskylä e é a maior e máis vital orquestra finaesa composta por mandolinas.

O repertorio da orquestra é moi amplo: o trademark de MaMo foi, desde o inicio, a súa gran variedade de diversos estilos. Ademais das composicións orixinais de Jouni Koskimäki, MaMo interpretou moitos clásicos da mandolina, procedentes de México ou dos Estados Unidos, de Inglaterra ou Xapón como, por exemplo, composicións de Domenico Scarlatti, Eduardo Angulo, David Grisman, Simon Mayor, José Zambrano e Yasuo Kuwahara. MaMo ten interpretado tamén música clásica, como J. S. Back, G. F. Händel, Pierre Maldere, Johannes Brahms e Maurice Ravel, e todas as pezas están arranxadas por Jouni Koskimäki. Tamén interpretou música de Django Reinhard jazz ao bluegrass, de Klezmer ou polcas escandinavas, choros brasileiros ou The Beatles, folk finés e música irlandesa.

Mandolin Mountain engade á mandola, mandola tenor e baixo, así como outros instrumentos como os violíns, viola, violonchelo, clarinete, banxo e percusión se é preciso. Entre os membros de MaMo hai algúns magníficos cantantes e no repertorio de MaMo sempre houbo fermosas cancións. Neste momento, MaMo está composta por 15 músicos e o director da orquestra é Jouni Koskimäki, que é catedrático no Departamento de Música da Universidade de Jyväskylä (Finlandia).

MaMo desenvolveu a súa carreira fundamentalmente en Finlandia. É destacable a súa participación no famoso Festival Folk de Haapavesi nos anos 2010 e 2011. A última actuación emitiuse en todo o país a través da cadea de radio YLE 1. O ano pasado, MaMo tivo a honra de tocar dúas veces no Eurofest Zupfmusik en Bruchsal (Alemaña), que é probablemente o festival de mandolinas máis grande do mundo.

MaMo (Mandolin Mountain) ha sido fundada en 2007 en Jyväskylä y es la mayor y más vital orquesta finlandesa compuesta por mandolinas.

El repertorio de la orquesta es muy amplio: el trademark de MaMo ha sido, desde el comienzo, su gran variedad de diferentes estilos. Además de las composiciones originales de Jouni Koskimäki, MaMo ha interpretado muchos clásicos de la mandolina, de México a los Estados Unidos, de Inglaterra a Japón, como, por ejemplo, composiciones de Domenico Scarlatti, Eduardo Angulo, David Grisman, Simon Mayor, José Zambrano y Yasuo Kuwahara. MaMo ha interpretado también mucha música clásica, tal como J. S. Back, G. F. Händel, Pierre Maldere, Johannes Brahms y Maurice Ravel, todas las piezas arregladas por Jouni Koskimäki. También han interpretado música de Django Reinhard jazz al bluegrass, de Klezmer a polcas escandinavas, de choros brasileños a los Beatles, de folk finlandés a música irlandesa.

Mandolin Mountain añade la mandola, mandola tenor y bajo, así como otros instrumentos como los violines, viola, violonchelo, clarinete, banjo y percusión si es necesario. Entre los miembros de MaMo hay algunos cantantes magníficos y en el repertorio de MaMo siempre ha habido hermosas canciones. En este momento, MaMo está compuesta por 15 músicos y el director de la orquesta es Jouni Koskimäki, que es catedrático en el Departamento de Música de la Universidad de Jyväskylä (Finlandia).

MaMo ha desarrollado su carrera fundamentalmente en Finlandia. Es destacable su participación en el famoso Festival Folk de Haapavesi en 2010 y 2011. La última actuación se emitió a todo el país a través de la cadena de radio YLE 1. El año pasado, MaMo tuvo el honor de tocar dos veces en el Eurofest Zupfmusik en Bruchsal (Alemania). Eurofest Zupfmusik es probablemente el festival de mandolinas más grande del mundo.



## TUNA DO DISTRITO UNIVERSITÁRIO DO PORTO (PORTUGAL)

tuna do distrito universitário do Porto (TDUP), fundada oficialmente o 3 de xuño de 2005, representa hoxe o espazo máis multitudinario en todo o espectro dos tunos do distrito do Porto, acollendo tunos provenientes dos máis variados ámbitos, desde o universitario ao politécnico, pasando polo ensino público, privado e concertado, nunha traxectoria espida de prexuízos e fixada nunha forte dinámica de carácter cultural e asociativo sen comparación en todo o panorama universitario portuense, algo inédito polo menos nos últimos trinta anos.

A aposta clara por unha innovación responsable baseada no respecto polos preceptos tradicionais da tuna, levou a TDUP a seguir un traballo de constante dinamismo, recuperando temas antigos, promovendo o arranxo doutros tantos e creando tamén temas orixinais, nun espectáculo que abrangue desde a clara influencia latina ata unha forte aposta polos temas portugueses de sempre, tendo hoxe un vasto repertorio dispoñible.

Un camiño exemplar que, baseado nos seus tres principios fundacionais –académico, musical e humano– permitiu á TDUP levar o “seu” Porto a varios lugares, deixando en todos eles o seu sentir xenuíno tan característico, colleitando aplausos e amizades que perduran no tempo.

Próxima ao seu décimo aniversario de actividade ininterrompida, a TDUP asume unha traxectoria incomparable de forte afirmación e un claro instinto creativo e renovador, que permite aos estudantes da Academia do Porto participar de forma proactiva nun espazo cultural aberto que ocupa un relevante lugar por dereito e mérito propio, a tradición con futuro.

*The Tuna do Distrito Universitário do Porto (TDUP), fundada oficialmente el 3 de Junio de 2005, representa hoy el espacio más multitudinario en todo el espectro de los tunos del distrito de Oporto, acogiendo a tunos provenientes de los más variados ámbitos, desde el universitario al politécnico, pasando por la enseñanza pública, privado y concertados, en una trayectoria desnuda de prejuicios y fijada en una fuerte dinámica de carácter cultural y asociativo sin comparación en todo el panorama universitario portuense, algo inédito por lo menos en los últimos treinta años.*

*La apuesta clara por una innovación responsable basada en el respeto por los preceptos tradicionales de la tuna, llevó a la TDUP a seguir un trabajo de constante dinamismo, recuperando temas antiguos, promoviendo el arreglo de otros y creando también temas originales, con un espectáculo que incluye desde la clara influencia latina hasta una fuerte apuesta por los temas portugueses de siempre, teniendo hoy un vasto repertorio disponible.*

*Un camino ejemplar que, basado en sus tres principios fundacionales –académico, musical y humano– permitió a la TDUP llevar a “su” Oporto a varios lugares, dejando en todos ellos el sentir genuino tan característicos, recolectando aplausos y amistades que perduran en el tiempo.*

*Próxima a su décimo aniversario de actividad ininterrompida, la TDUP asume una trayectoria incomparable de fuerte afirmación y un claro instinto creativo y renovador, que permite a los estudiantes de la Academia do Porto participar de forma proactiva en un espacio cultural abierto que ocupa un relevante lugar por derecho y mérito propio, la tradición con futuro.*





1928

ALBÉNIZ

## AGRUPACIÓN MUSICAL ALBÉNIZ DE A CORUÑA

Data do ano 1928, no que un reducido grupo de afeccionados a estes instrumentos comezaron a reunirse e ensaiar para dar audicións. O fundador, D. Euxenio Rivas, tivo a idea de reunir os membros máis destacados dos grupos rondallísticos coruñeses para facer outro que interpretase música distinta e con arranxos orquestrais. Deste modo, coa dirección musical de D. Delio Vázquez, puxéronse as bases de todo o dilatado e meritorio historial da Agrupación.

O 28 de outubro de 1938 constituíuse en asociación dacordo coas leis vixentes.

Durante a súa existencia montáronse máis de 700 obras musicais e déronse máis de 1000 concertos. Nos anos 1971 e 1972 un quinteto da Agrupación foi premiado no Concurso Nacional de Quintetos de Pulso e Púa de Logroño.

A Real Academia de Belas Artes "Nuestra Señora del Rosario", ten concedidas medallas de prata "Marcial del Adalid" no ano 1969 a catro componentes, e no 1982 a seis.

A Agrupación participou en importantes festivais, tanto en España coma no estranxeiro, percorrendo unha gran parte da xeografía nacional e europea: Francia, Italia, Portugal e Bélxica. En Estados Unidos actuou en Los Ángeles, San Francisco, El Carmel, Pasadena e New York. Nesta última cidade participou en 1992 no Desfile da Hispanidade na conmemoración do 5º Centenario do Descubrimiento de América.

A partir de 1981, realizábase un grande esforzo para rexuvenecer á orquestra, deixándoa cunha media de idade por debaixo doutras colectividades musicais.

Dende o ano 1982, a Agrupación realizou seis gravacións musicais.

No ano 1989 realizou un concerto maratón de 11 horas e 20 minutos.

Recibe subvencións para actividades culturais e equipamento, e participa nos programas de actuacións da Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia, da Deputación Provincial da Coruña, do Concello da Coruña - IMCE...

*Data del año 1928, en el que un reducido grupo de aficionados a estos instrumentos comenzaron a reunirse y ensayar para dar audiciones. El fundador, D. Eugenio Rivas, tuvo la idea de reunir a los miembros más destacados de los grupos rondallísticos coruñeses para hacer otro que interpretase música distinta y con arreglos orquestales. De este modo, con la dirección musical de D. Delio Vázquez, se pusieron las bases de todo el dilatado y meritorio historial de la Agrupación.*

*El 28 de octubre de 1938 se constituye en asociación según las leyes vigentes.*

*Durante su existencia se montaron más de 700 obras musicales y se dieron más de 1000 conciertos. En los años 1971 y 1972 un quinteto de la Agrupación fue premiado en el Concurso Nacional de Quintetos de Pulso y Púa de Logroño.*

*La Real Academia de Bellas Artes "Nuestra Señora del Rosario", les concedió medallas de plata "Marcial del Adalid" en el año 1969 a cuatro componentes, y en el 1982 a seis.*

*La Agrupación participó en importantes festivales, tanto en España como en el extranjero, recorriendo una gran parte de la geografía nacional y europea: Francia, Italia, Portugal y Bélgica. En Estados Unidos actuó en Los Ángeles, San Francisco, El Carmel, Pasadera y New York. En ésta última ciudad participó en 1992 en el Desfile de la Hispanidad en la conmemoración del 5º Centenario del Descubrimiento de América.*

*A partir de 1981, se realiza un gran esfuerzo para rejuvenecer la Orquesta, dejándola con una media de edad por debajo de otras colectividades musicales.*

*Desde el año 1982, la Agrupación ha realizado seis grabaciones musicales.*

*En el año 1989 realizó un concierto maratón de 11 horas y 20 minutos.*

*Recibe subvenciones para actividades culturales y equipamiento, y participa en los programas de actuaciones de la Consellería de Cultura y Educación de la Xunta de Galicia, de la Diputación Provincial da Coruña, del Ayuntamiento da Coruña - IMCE...*

## **FACEMOS REALIDADE ESTE FESTIVAL:**

**Presidente:** ANTONIO GUNDÍN FANDIÑO

**Coordinación xeral:** M<sup>a</sup> ROSA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

**Tesourería:** ADELA BARBEITO SUÁREZ

**Asesor musical:** RAMÓN CARNOTA MÉNDEZ

**Asesor técnico:** ALFONSO LAYA PAZOS

**Asesor xurídico:** DIEGO TAIBO MONELOS

**Asesores culturais:** RUY GODINHO – BRASIL  
IRINA KAZIMIRSKAIA – RUSIA  
LUIS TEIXEIRA DE CAMPOS – PORTUGAL  
GONZALO LÓPEZ – LOGROÑO-ESPAÑA  
MARC DAVES – EE.UU.  
RICARDO SANDOVAL – VENEZUELA

**Colaboradores:** RESTI BARRIO

**Intérpretes:** LETICIA EIRIN GARCÍA (GALEGO)  
SUSANA EIRIN GARCIA (INGLÉS)  
IRINA KAZIMIRSKAIA (RUSO)  
EMILIO TORRÓN (ITALIANO)


**Monitores:** Compoñentes da Orquestra e do Grupo de Voces Mixtas da  
AGRUPACIÓN MUSICAL ALBÉNIZ DE A CORUÑA

**Rexidor acto de clausura:** VÍCTOR LAMAS - GERMÁN GUNDÍN GONZÁLEZ

**Presentador:** ANTONIO LUACES

**Montaxe e actualización da web:** ANTONIO GUNDÍN GONZÁLEZ

UN AGRADECIMIENTO SINCERO PARA TODO O PERSOAL DAS CONCELLERÍAS DE CULTURA E FESTAS DOS DIVERSOS CONCELLOS POLA SÚA EFICAZ COLABORACIÓN.



Tamén queremos agradecer a colaboración de:

AUTOCARES VÁZQUEZ

ESTRELLA DE GALICIA - CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L.

EL IDEAL GALLEGO

COCA COLA – IBERIAN PARTNERS

SPORTING CLUB-CASINO DE LA CORUÑA

CLUB DEL MAR DE SAN AMARO DA CORUÑA

REAL CLUB NÁUTICO DE LA CORUÑA

VIDEO RAMIRO J. FREIRE

FLORISTERÍA OBDULIA

HOSTAL-RESTAURANTE LINAR

HOSTAL MARA

FOTO AURELIO

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA

INSTITUTO ADORMIDERAS DA CORUÑA

INSTITUTO SALVADOR DE MADARIAGA DA CORUÑA

COLEXIO GRANDE OBRA DE ATOCHA DA CORUÑA

COLEXIO SALESIANO DA CORUÑA

COLEXIO SAGRADO CORAZÓN (FRANCISCANAS) – A ZAPATEIRA

COLEXIO PÚBLICO MARÍA BARBEITO DA CORUÑA

COLEXIO PÚBLICO MONTEL TOUZET (CIDADE VELLA) A CORUÑA

COLEXIO MONTESPIÑO – A ZAPATEIRA - A CORUÑA

COLEXIO EUSEBIO DA GUARDA DA CORUÑA

CENTRO SOCIAL SAGRADA FAMILIA DA CORUÑA

PAZO DE CAPITANÍA DA CORUÑA

MOSTEIRO DE BERGONDO

IGREXA SANTA MARÍA DE CAMBRE

ORDEN DE CABALLEROS DE MARÍA PITA – A CORUÑA

ASOCIACIÓN ESMERALDA DE LOGROÑO

ASOCIACIÓN HOGUERAS DE SAN JUAN DA CORUÑA

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A CABANA – SAN ANTONIO - FERROL





# NAS EDICIÓNS PREVIAS PASARON POR ESTE FESTIVAL:

## **ESPAÑA:**

---

CONJUNTO DE CÁMARA "PAULINO OTAMENDI"	PAMPLONA (NAVARRA)
CUARTETO ASSAI	ALCALÁ DE HENARES (MADRID)
CUARTETO DE GUITARRAS PER SUONARE	BILBO (BIZKAIA)
CUARTETO DE LAUDES "PACO AGUILAR"	MADRID
DÚO BANDURRIA Y GUITARRA - JULIÁN CARRIAZO E JOSÉ MOTA	PLASENCIA (CÁCERES)
DÚO BANDURRIA Y GUITARRA - JULIÁN CARRIAZO E VÍCTOR BURCIO	CÁCERES
DÚO DOS PUAS - IRINA KAZIMIRSKAIA, NATALIA LÓPEZ E DAVID LÓPEZ	LOGROÑO (LA RIOJA)
DÚO ESMERALDA - IRINA KAZIRMIRSKAYA E ISIDRO MARTÍNEZ	LOGROÑO
DÚO MANDORA	PLASENCIA (CACERES)
ENSAMBLE FORMA ANTIQUA	NALÓN (ASTURIAS)
GRUPO GIJÓN DE PULSO Y PÚA	GIJÓN (ASTURIAS)
GRUPO MOZART "PEDRO SANTOLAYA"	LOGROÑO (LA RIOJA)
IRINA KAZIMIRSKAIA & LOS TROVADORES DE LOGROÑO	LOGROÑO (LA RIOJA)
JOVEN ORQUESTA RIOJANA	LOGROÑO (LA RIOJA)
JÓVENES JUGLARES RIOJANOS	LOGROÑO (LA RIOJA)
JULIAN CARRIAZO (BANDURRIA) Y PABLO PARRA (PIANO)	PLASENCIA (CACERES)
ORQUESTA CIUDAD DE PLASENCIA	PLASENCIA
ORQUESTA DE PLECTRO CIUDAD DE VILA-REAL	VILA-REAL (CASTELLÓN)
ORQUESTA DE PULSO Y PÚA RODRIGUEZ ALBERT DE LA O.N.C.E.	HUELVA
ORQUESTA DE PULSO Y PÚA SOTOMAYOR	MANZANARES (CIUDAD REAL)
ORQUESTA TABLATURA	ALCALÁ DE HENARES (MADRID)
ORQUESTA "VICENTE ALEIXANDRE"	ARANJUEZ (MADRID)
SEXTETO DONADO MAZARRÓN	VALDEPEÑAS (CIUDAD REAL)
SONATINA GIJONESA	GUIJÓN (ASTURIAS)
TRÍO ADAGIO – IRINA KAZIMIRSKAIA	LOGROÑO
TRÍO "CONCORDES" DE GUITARRAS	BURGOS
TRÍO ESMERALDA	LOGROÑO (LA RIOJA)
TUNA DE VETERANOS	A CORUÑA

## **ALEMAÑA:**

---

DÚO CAPRICCIOSO - GERTRUD TROESTER Y MICHAEL TROESTER	MÜNICH
DÚO DE MANDOLINA Y GUITARRA - THEKLA E INGE KROLL	BERLÍN
DÚO DETLEF TEWES UND BORIS BJÖRN BAGGER	



## **BRASIL:**

---

CACAI NUNES TRIO - CARLO NUNES, GEORGE DLUGOLENSKI E WLADIMIR EL AFIOUNI	BRASILIA
DÚO EVANDRO BARCILLOS Y JAIME ERNEST DIAS - PAPO DE CORDAS	
DÚO JORGE CARDOSO & FABIANO BORGES	BRASILIA
DÚO MANDRÁGORA - DANIEL SARKIS E JORGE BRASIL	BRASILIA
FABIANO BORGES - Virtuoso de Guitarra de Siete Cuerdas	BRASILIA
GILSON ANTUNES	SÃO PAULO
GRUPO CARLOS DA SILVA (CARLINHOS SETE CORDAS)	BRASILIA
JORGE CARDOSO TRIO	BRASILIA
JORGE CARDOSO Y CUARTETO BRASILIA	BRASILIA
RECO DO BANDOLIM & CHORO LIVRE DE BRASILIA	BRASILIA
TRÍO CARRAPA DO CAVAQUINHO & CÍA. DE MÚSICA	

## **BULGARIA:**

---

MANDOLIN QUARTET SEASONS	SOFIA
PIRINSKY ZVUTZY	BLAGOEVGRAD

## **COLOMBIA:**

---

TRIO COLOMBITA	BOGOTÁ
ÚNICO TRÍO	BOGOTÁ

## **EXIPTO:**

---

ORQUESTA UM KULZUM	O CAIRO
--------------------	---------

## **ESTADOS UNIDOS:**

---

DÚO MARK AND BEVERLY DAVES	PROVIDENCE-RHODE ISLAND
LOUISVILLE MANDOLIN ORCHESTRA	KENTUCKY

## **FINLANDIA:**

---

JOUNI KOSKIMÄKI & HIGHREGISTERORCHESTRA	JYVÄSKYLÄ
---	-----------

## **FRANCIA:**


---

CLUB DES MANDOLINES	REMIREMONT
---------------------	------------

## **ISRAEL:**

---

DÚO ALON SARIEL (Jerusalem) E IZHAR ELIAS (Holanda)	JERUSALEM
---	-----------



## ITALIA:

---

CUARTETO INTERMEZZO	SAVONA - PAVIA
DÚO FABIO GALUCCI & ANTONIO PILATO	ISCHIA -NÁPOLES
DÚO DE MANDOLINA Y GUITARRA - UGO ORLANDI-ALESSANDRO BONO	FERRARA
GRUPO MANDOLINISTICO CODIGORESE	CODIGORO
QUINTETO DE PULSO Y PÚA "CAPUT GAURI"	FERRARA
QUINTETO "RAFFAELLE CALACE"	BRESCIA

## MARROCOS:

---

GRUPO AL JAIMA

## PORTUGAL:

---

ALMA ACÚSTICA	BRAGA
CANTO D'AQUÍ	BRAGA
CONJUNTO DE CAVAQUINHOS "HENRIQUE LIMA RIBERO"	BRAGA
DANIEL PEREIRA CRISTO TRIO	BRAGA
DÚO GUITARRA Y GUIT. PORTUGUESA - PAULO SOARES Y CARLOS COSTA	
DÚO DE GUITARRA Y GUIT. PORTUGUESA - LUIS OLIVEIRA Y LUIS FERREIRINHA	
EQUIPA ESPIRAL	BRAGA
GRUPO DE CORDAS IDA E VOLTA	BRAGA
GRUPO DE CORDAS DA SECÇÃO DE FADO	COIMBRA
GRUPO DE FADOS	AVEIRO
GRUPO DE FADOS	BRAGA
GRUPO DE FADO ACADÉMICO DO ORFEÓN UNIVERSITARIO	OPORTO
GRUPO DE FADOS "CANTARES D'ALMA LUSA"	OPORTO
GRUPO DE FADOS "CAPAS NEGRAS"	COIMBRA
GRUPO DE FADOS "COIMBRA DE SEMPRE"	COIMBRA
GRUPO DE FADOS DE COIMBRA UNIVERSIDADE DO MINHO	BRAGA
GRUPO DE FADOS - MARIO FERNANDES & LISBOA LUNDUM PROJECT	LISBOA
GRUPO DE MUSICA POPULAR DA UNIVERSIDADE DO MINHO	BRAGA
GRUPO DE POESÍA, GUITARRA Y FLAUTA DE LA A.R.C.U.M.	BRAGA
GRUPO SAUDADES DE COIMBRA	COIMBRA
ORQUESTRA PORTUGUESA DE BANDOLINS E GUITARRAS	
ROMANCE – CANÇÃO E GUITARRA DE COIMBRA	COIMBRA
ROMANCE – GRUPO DE FADO DE COIMBRA	COIMBRA
TROVADORES DO LIZ	LEIRIA
TUNA DO DISTRITO UNIVERSITARIO DO PORTO	OPORTO



## **RUSIA:**

---

CLASSIC DOMRA	SYZRAM
DÚO ARANJUEZ	OMSK - SIBERIA
DÚO CONCERTINO - TANIA & VALERI OSSIPOV	
DÚO DOMRA Y GUITARRA - IRINA KAZIMIRSKAIA Y REBECA PALACIOS	
DÚO DOMRA Y GUITARRA - IRINA KAZIMIRSKAIA E ISIDRO MARTÍNEZ	
DÚO JUVENIL DE LOS URALES	EKATERIMBURGO
DÚO MEDVEDEVA	EKATERIMBURGO
IZUMRUD – ESMERALDA TEATRO DELA COMEDIA MUSICAL	EKATERIMBURGO
RUSSIAN DUO TAMARA VOLSKAYA Y ANATOLY TROFIMOV	BAYAN
SAMOVAR SHOW	EKATERIMBURGO
TRIO ALLEGRO	EKATERIMBURGO
TRÍO "BARCAROLLA"	EKATERIMBURGO
TRÍO SOLOVEY	EKATERIMBURGO
URAL QUARTET	YEKATERIMBURGO

## **VENEZUELA:**

---

ALFONSO SANDOVAL – LUTHIER	CARACAS
DÚO SANDOVAL & COLLET "CAFÉ PARA DOS"	
ENSAMBLE ACORDES	LARA
ESTUDIANTINA DE LA UNIVERSIDAD DE LOS ANDES	MÉRIDA
RICARDO SANDOVAL TRÍO	







**XUNTA  
DE GALICIA**



**Deputación  
DA CORUÑA**



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**



**IMCE**

Instituto Municipal  
Coruña Espectáculos



**Concello  
de Arzúa**



**CONCELLO DE  
BERGONDO**



**CONCELLO DE  
BETANZOS**



**CONCELLO DE  
CAMBRE**



**CONCELLO  
DE CEE**



**CULLEREDO  
CONCELLO**

**FERROL**



**CONCELLO DE  
NEGREIRA**



**CONCELLO DE  
NOIA**



**CONCELLO DE  
OLEIROS**



**Concello de  
Padrón**



**CONCELLO  
DE SADA**

Patrocinan:

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA -  
SECRETARÍA XERAL DE CULTURA - XUNTA DE GALICIA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA  
CONCELLO DA CORUÑA  
I.M.C.E.**

Colaboran:

**CONCELLO DE ARZÚA  
CONCELLO DE BERGONDO  
CONCELLO DE BETANZOS  
CONCELLO DE CAMBRE  
CONCELLO DE CEE  
CONCELLO DE CULLEREDO  
CONCELLO DE FERROL  
CONCELLO DE NEGREIRA  
CONCELLO DE NOIA  
CONCELLO DE OLEIROS  
CONCELLO DE PADRÓN  
CONCELLO DE SADA**



Praza de Azeiteira, 12 Baixo

15001 - A Coruña

Tfno.: ++ 34 981 266 036

Movil: ++ 34 607 085 612

E-mail: mrosa12@hotmail.com

agrupacionmusicalalbeniz@gmail.com

Web: <http://www.agrupacionmusicalalbeniz.com>

*Handwritten signature*